



**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**  
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Departamento de Cultura  
[cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) - 610 95 20 17

**ENTROIDO**



## CONCURSO DE ENTROIDOS E COMPARSAS

O Concello de Laxe, a través da súa Concellaría de Cultura, convoca o “Concurso de Entroido 2020”, con arranxo ás seguintes

### **BASES REGULADORAS**

#### **1. PARTICIPACIÓN.**

Poderá participar calquera persoa disfrazada e ataviada axeitadamente para estas datas de entroido que desexe participar activamente na “**Festa de comparsas**” que se celebrará en Laxe o **DOMINGO 23 de febreiro** do 2020.

A persoa e/ou grupo que se inscriba, deberá comprometerse como mínimo a:

**1.1. PARTICIPAR NO DESFILE DE COMPARSAS** que se realizará no día sinalado anteriormente dende a Casa do Concello ata a Praza de Ramón Xuega a partir das 17.30 horas. No caso de choiva, realizarase un percorrido interior na instalación do Polideportivo Municipal. A orde no desfile será determinada polo Concello de Laxe e comunicaráselle ás persoas que realicen a inscrición antes do comezo do desfile.

**1.2. SUBIR Ó ESCENARIO** que habilite o Concello de Laxe no momento en que se lle/s convoque e realizar unha breve representación/espectáculo que poderá ser con ou sen música, de carácter teatral, circense, etc.. e que, en todo caso, non superará os 5 minutos.

**Os entroidos, grupos ou comparsas que precisen música grabada para o espectáculo, deberán entregala no Dpto. de Cultura en formato Mp3 antes do 20 de febreiro do 2020.**

A orde de participación será determinada pola organización municipal en función das inscricións realizadas. As carrozas serán ubicadas nas inmediacións do lugar de celebración do entroido, no lugar que no mesmo día se indique polo persoal designado pola organización.

**Seguridade e materiais:** Evitarase a utilización de calquera tipo de elemento pirotécnico ou calquera outro que poida implicar risco para a vida e seguridade das persoas.

#### **2. OBXECTO.**

**Recoñecer e agasallar a participación activa e a involucración persoal e/ou grupal na dinamización do entroido laxense** coa entrega dun diploma e un agasallo ás persoas que individualmente, en pequeno grupo ou comparsa, presenten as vestimentas máis lucidas e vistosas deste entroido, así como o esforzo realizado na preparación tanto durante o desfile como nas actuacións realizadas sobre o escenario.

#### **3. CATEGORÍAS DOS RECOÑECIMENTOS.**

Tras a deliberación do xurado que que terá lugar unha vez rematado o desfile e as actuacións dos entroidos, grupos e comparsas, entregarase un diploma e agasallo de recoñecemento ás seguintes categorías:



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Departamento de Cultura

[cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) - 610 95 20 17



- **MELLOR ENTROIDO INFANTIL INDIVIDUAL LAXENSE 2020.**
- **MELLOR ENTROIDO ADULTO INDIVIDUAL LAXENSE 2020.**
- **MELLOR GRUPO DE ENTROIDOS LAXENSE 2020**, cun mínimo de 3 e máximo de 10 persoas.
- **MELLOR COMPARSA DO ENTROIDO LAXENSE 2020**, para grupos de máis de 10 persoas.

#### 4. INSCRICIÓN.

Toda persoa e/ou grupo que desexe participar no concurso, deberá **inscribirse presencialmente na Casa do Concello e entregar no Departamento de Cultura a súa folia de “Solicitud de participación no Concurso do entroido laxense 2020”**, que se adxunta a esta proposta de bases como ANEXO I, e que estará ó dispor das persoas interesadas en ditas oficinas. **Tamén será posible facer a inscrición telemáticamente a través da sede electrónica municipal.** O **prazo de inscrición** estará aberto dende as **12.00 horas do xoves 13 de febreiro do 2020 ata as 15.00 horas do xoves 20 de febreiro do 2020**. Fóra deste prazo non se admitirá ningunha inscrición salvo casos xustificados de forza maior.

#### 5. XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN.

O xurado estará formado por un mínimo de 3 persoas designadas polo Concello de Laxe e que se tratará que sean alleos ó persoal do Concello. Presidiráoo e exercerá de secretaria a Concelleira de Cultura ou persoa en que delegue, quen terá dereito de voz pero non voto.

**Os criterios a valorar para determinar as persoas, grupos e/ou comparsas que resultan seleccionadas para recibir os agasallos do entroido 2020, serán os seguintes:**

- **En relación ós disfraces:** orixinalidade, creatividade e elaboración propia, vistosidade e colorido.
- **No caso de grupos e/ou comparsas:** orixinalidade e unidade da temática elixida, coordinación entre os diferentes elementos postos en escea e presenza ou non de carroza.
- **En relación ó espectáculo:** Orixinalidade e exclusividade, preparación previa e grao de simpatía do entroido e/ou comparsa.

Cada un dos criterios, puntuarase por cada membro do xurado nun intervalo de 0 a 10 puntos, entendendo o 0 como valor mínimo e o 10 como o máximo.

A **DELIBERACIÓN DO XURADO** terá lugar o mesmo DOMINGO 23 DE FEBREIRO despois de rematar o desfile e actuacións de entroidos e comparsas. A resolución do xurado coñecerase o mesmo día ó redor das 19.30 horas e este será inapelable. O xurado poderá declarar deserta calquera das categorías de agasallos se considera que os participantes non reúnen uns mínimos de calidade.

En ningún caso, o Concello se fará responsable do contido, letras, parodias ou disfraces elixidos polas persoas, grupos e comparsas participantes, podendo, previamente a súa actuación, descalificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, persoas con discapacidade, etc.

O xurado será competente para resolver calquera circunstancia ou elemento non previsto nestas bases.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Departamento de Cultura

[cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) - 610 95 20 17



### 6. AGASALLOS.

O premio para cada unha das categorías expostas no apartado 1 destas bases, consistirá no recoñecemento público mediante a entrega dun diploma e un agasallo conmemorativo.

### 7. DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE

Os datos persoais recollidos na inscrición ó concurso, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este concurso.

O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como as fotografías tomadas das persoas no momento da recollida e entrega do agasallo do concurso, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición. De acordo co Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas e á libre deses datos, así como coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal indicado na cabeceira do documento.

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do concurso de disfraces.

### 8. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A inscrición e participación neste concurso, implica a total aceptación destas bases.

En Laxe.

Raquel Lema Allo, Concelleira delegada de Cultura.



**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**  
 Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
 Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Departamento de Cultura  
 cultura@concellodelaxe.com - 610 95 20 17

**ENTROÍDO**



**ANEXO I:**

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DO ENTROIDO LAXENSE 2020				
DATOS DA PERSOA QUE REALIZA A INSCRICIÓN				
Nome				
Apelidos				
DNI				
Enderezo				
Localidade				
Teléfono/s			Email	
Modalidade na que se inscribe	INDIVIDUAL INFANTIL	INDIVIDUAL ADULTO	GRUPO	COMPARSA
Nome artístico				Nº de compoñentes
Datos da actuación	MÚSICA	MONÓLOGO	REPRESENTACIÓN	OUTROS: _____
Título da canción Breve descrición e/ou composición				
Outros detalles a salientar				

O/a abaixo asinante,

**SOLICITO** ser admitido/a ao concurso o que se refire a presente folla de inscrición, e **DECLARO** que son certos os datos obrantes nela, comprometéndose a comprobar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

**DECLARO** que, unha vez revisadas as bases do devandito concurso, acéptoas integramente, considerando que reúno todos os requisitos e condicións que nelas se establecen.

Así mesmo, **AUTORIZO** ó tratamento dos meus datos persoais para todos aqueles trámites que sexan precisos para levar a cabo este concurso, consentindo a súa publicación tanto na páxina web como nas redes sociais municipais, así como a súa comunicación ós medios de prensa e radio locais, ós efectos de dar publicidade ó resultado do concurso no que voluntariamente participo, autorizando tamén a difusión da miña fotografía tanto nos momentos de desfile, de actuación e recollida de agasallo. Esta autorización farase extensible a todas as persoas que participan comigo no caso de grupos e comparsas.

En Laxe, de do 2020.

Sinatura da persoa que realiza a inscrición	
Sinatura da nai/pai ou titor/a (só no caso de menores de idade)	
Nome e apelidos da nai/pai ou titor/a	